



**estadísticas en materia
de economía social.
2014**

Cooperativas

Sociedades laborais

Centros especiais de emprego





© Xunta de Galicia. 2015. Estatísticas en materia de economía social. Ano 2014

Edición:

Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

URL: <http://ediciontraballo.xunta.es/web/portal/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 3.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by/3.0/es/deed.es>



Estatísticas en materia de economía social 2014

**Cooperativas
Sociedades laborais
Centros especiais de emprego**

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
2015

Índice

Sociedades cooperativas

.....9

Rexistro de sociedades laborais

.....19

Rexistro de Centros especiais de emprego

.....27

E

estadísticas en materia de economía social. 2014



O obxectivo desta actividade é a de coñecer a estrutura e a localización das sociedades cooperativas, así como os depósitos relativos ás asociacións de cooperativas, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos identificativos.

Normativa e organización

A Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de cooperativas, en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE nº 310 do 28 de decembro de 1995), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Normativa de aplicación

- Lei 5/1998, do 18 de decembro de cooperativas de Galicia (DOG nº 251, do 30-12-98).
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas (DOG nº 27, do 7-2-01).
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia (DOG, nº 31, do 12-2-02).
- Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- Cómpre citar, así mesmo, que o réxime fiscal das cooperativas, materia que non foi obxecto de transferencia, está contido fundamentalmente na Lei 20/1990, do 19 de decembro (BOE nº 304 do 20.12.90).
- Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 46, do 6 de marzo de 2013).

Organización

O organismo responsable da actividade estatística de cooperativas no seu conxunto é a Consellería de Traballo e Benestar. A preparación, recollida da información, tratamento e elaboración de resultados depende da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materia de cooperativas.

Mediante o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, aprobouse o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia, quedando adscrito á consellería competente en materia de traballo, actualmente a Consellería de Traballo e Benestar, estruturándose nun Rexistro Central dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, e nos correspondentes rexistros provinciais adscritos a cada unha das xefaturas territoriais da consellería. As funcións que se desenvolven nos rexistros son as referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

Concrétase a competencia de cada un dos rexistros en función do ámbito territorial das cooperativas, indicando que o Rexistro Central resulta competente sobre as cooperativas, de ámbito superior ao dunha provincia, que realicen principal e maioritariamente a súa actividade cooperativizada cos seus socios dentro do territorio da Comunidade Autónoma. O Rexistro Central tamén será competente respecto das cooperativas de crédito e seguros, cooperativas de segundo grao e asociacións de cooperativas.

Os rexistros provinciais de cooperativas serán competentes respecto das restantes clases de cooperativas, nas que o ámbito territorial onde desenvolvan as súas actividades cooperativizadas cos seus socios non sexa superior ao da respectiva provincia.

Os rexistros de cooperativas asumirán, nos diferentes niveis e entre outras, as seguintes funcións:

- a) Cualificar, inscribir e certificar os actos ou negocios xurídicos das cooperativas que deben acceder ao rexistro.
- b) Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.
- c) Recibir, cualificar e publicar o depósito de contas anuais.
- d) Recibir a certificación acreditativa do número de socios na data do peche de cada exercicio económico.
- e) Remisión de datos ao Rexistro Central.

O Rexistro Central terá, ademais, as seguintes funcións:

- a) Nomear auditores e outros expertos independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.
- b) As relativas á cualificación e depósito dos actos das seccións de crédito das cooperativas.
- c) Coordinar os rexistros provinciais de cooperativas.
- d) A colaboración e coordinación con outros rexistros.
- e) A ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada.
- f) Ditar instrucións e resolver as consultas formuladas sobre a materia da súa competencia, en aplicación da normativa en materia de cooperativas.

Ademais das funcións rexistrais indicadas, neste campo tamén se están a realizar as seguintes funcións:

- Informar e asesorar en materia cooperativa e de empresas de economía social, así como o impulso das relacións intercooperativas.
- Planificar, xestionar e controlar as axudas a cooperativas e as súas asociacións.
- Executar os programas de promoción e divulgación do cooperativismo e doutras formas de economía social.
- Elaborar as estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre cooperativas e empresas de economía social.

No referente ás asociacións de cooperativas, as principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación dos actos das asociacións que deben acceder ao Rexistro de Cooperativas, entre os que cabe indicar a inscrición do depósito da escritura pública de constitución ou de modificacións estatutarias e o depósito de contas.

O Rexistro Central dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social ten atribuídas as competencias sobre todas as asociacións de cooperativas galegas.

Datos estadísticos

Nos seguintes cadros reflíctense os resultados do ano 2014 que figuran nos rexistros provinciais e no Rexistro Central da Comunidade Autónoma de Galicia con expresión de:


- Cooperativas constituídas e número de socios promotores nos rexistros provinciais e no Rexistro Central de Cooperativas, segundo sexo e personalidade xurídica. Esta información vai ilustrada con:
 - **Gráfico da distribución porcentual das cooperativas inscritas segundo o ámbito territorial.**
 - **Gráfico da distribución dos socios por sexo e personalidade xurídica segundo o ámbito territorial.**
- Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e no Rexistro Central e número de socios promotores, segundo a clase de cooperativa.
- Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e no Rexistro Central e número de socios promotores, clasificadas pola súa actividade económica.
- Gráficos de evolución referidos a cooperativas constituídas e número de socios destas, do período comprendido entre o ano 2010 e o 2014, por provincias.

Cooperativas inscritas e número de socios promotores nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo o sexo e personalidade xurídica. Ano 2014


Provincia	Cooperativas inscritas	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total socios
A Coruña	18	108	41	6	155
Lugo	17	97	61	13	171
Ourense	6	12	15		27
Pontevedra	16	31	34	3	68
Rex. Central	12	45	29		74
TOTAL	69	293	180	22	495

Distribución porcentual das cooperativas inscritas segundo o ámbito territorial


Distribución porcentual das cooperativas inscritas




Número de socios



Número de socios promotores das cooperativas inscritas, segundo o ámbito territorial e desagregado por sexo e personalidade xurídica. Ano 2014



Número de socios promotores





Cooperativas inscritas nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa, e número de socios promotores. Ano 2014.

	Rexistros provinciais												Rexistro central		Total		
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.	
	nºCoop.	nºSoc.		nºCoop.	nºSoc.		nºCoop.	nºSoc.		nºCoop.	nºSoc.						
Traballo asociado	15	58		14	45		6	27		13	41		10	31		58	202
Consumidores e usuarios							1			1	14		1	31		2	45
Vivendas	1	84														1	84
Agrarias	1	10		3	126		2			2	13					6	149
Explotación comun.da terra													1	12		1	12
Servizos																	
Mar																	
Transportistas																	
Transportistas-traballo asociado																	
Seguros																	
Sanitarias																	
Servizos sociais-traballo asociado	1	3														1	3
Ensino																	
Ensino-traballo asociado																	
Educacionais																	
Integración social																	
Segundo grao																	
Total	18	155		17	171		6	27		16	68		12	74		69	495

Cooperativas constituídas e número de socios promotores por actividade económica. Ano 2014

Cód.	Actividade	Registros provinciais												Registro central			Total				
		A Coruña				Lugo				Ourense				Pontevedra				Coop	Socios	Coop	Socios
		Coop	Socios	Coop	Socios	Coop	Socios	Coop	Socios	Coop	Socios	Coop	Socios								
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	10	5	90	3	17	2	15	11	132	2	15	11	132						
B	Industrias extractivas																				
C	Industria manufacturera	3	18	2	7	1	3	1	3	7	31	1	3	7	31						
D	Fornecem. de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.											1	31	1	31						
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación																				
F	Construción	2	88	2	6						94			4	94						
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	9	3	53	1	3	1	3	5	26	2	6	14	97						
H	Transporte e almacenamento																				
I	Hostalería	1	3	2	6	1	3	1	3	1	3	1	3	5	15						
J	Información e comunicacións	2	6									1	3	3	9						

Distribución territorial das cooperativas inscritas e número de socios promotores.
Evolución 2010-2014





O obxectivo desta actividade é o de coñecer a estrutura e a localización das sociedades laborais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos identificativos.

Normativa e organización

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación da condición de sociedades laborais para efectos administrativos. O dito trámite ten carácter previo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, sendo as inscricións máis frecuentes as de constitución, a declaración de que a modificación estatutaria non afecta a súa cualificación como laboral e a anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia. O Rexistro de Sociedades Laborais está regulado pola Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais (BOE nº 72 do 25 de marzo de 1997) e polo Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais (BOE nº 246 do 14 de outubro de 1998).

Normativa de aplicación

- Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais (BOE do 8 de decembro de 1989; DOG do 10 de xaneiro de 1990).
- Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais (BOE do 25 de marzo de 1997).
- Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais (BOE do 14 de outubro de 1998).
- Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE do 31 de decembro de 1998).
- Decreto 42/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 46, do 6 de marzo de 2013).

Organización

O organismo responsable da actividade estatística de sociedades laborais no seu conxunto é a Consellería de Traballo e Benestar. A preparación, recollida da información, tratamento e elaboración de resultados depende do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materia de economía social.

Concrétase a competencia nun rexistro administrativo competente sobre as sociedades laborais con domicilio na Comunidade Autónoma encadrado na consellería competente en materia de traballo dentro da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

O Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais asumirá as funcións seguintes:

- Cualificar, inscribir e certificar actos ou negocios xurídicos das sociedades laborais que deban acceder ao rexistro.
- Remisión de datos ao Ministerio de Empleo y Seguridad Social.
- Ordenación, tratamento e publicación da información rexistral acumulada.
- Resolver consultas sobre a materia da súa competencia en aplicación da normativa sobre sociedades laborais.

Ademais das funcións rexistrais indicadas estanse a realizar as seguintes funcións:

- Informar e asesorar en materia de economía social, así como o impulso das relacións entre as empresas de economía social.
- Planificar, xestionar e controlar as axudas ás sociedade laborais.
- Executar os programas de promoción e divulgación das formas de economía social.
- Elaborar estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre empresas de economía social.



Datos estadísticos

Os cadros seguintes reflicten os resultados globais do ano 2014, con expresión de:

- Actos inscritos, segundo a provincia do domicilio social (sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa).
- Distribución provincial do número de socios, desagregada por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas (socios traballadores ou socios de clase xeral).
- Sociedades laborais constituídas e socios, desagregadas por actividade económica (sección da CNAE 2009), provincias e totais da comunidade autónoma.
- Gráficos de evolución das sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa ou descualificadas, no período comprendido entre os anos 2010 e 2014.



Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Ano 2014

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sociedades laborais constituídas	18	5	6	13	42
Sociedades laborais que causaron baixa	23	8	13	20	64



Distribución provincial do número de socios, desagregada por sexo e tipo de participación, nas sociedades laborais constituídas no ano 2014

Provincia	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Totais socios por sexo		Socios por tipo de participación			
			Homes	Mulleres	Homes soc. traballo	Mulleres soc. traballo	Homes soc. capital	Mulleres soc. capital
A Coruña	70	0	56	14	49	12	7	2
Lugo	15	0	6	9	4	8	2	1
Ourense	19	0	17	2	15	2	2	0
Pontevedra	43	0	28	15	26	12	2	3
Total	147	0	107	40	94	34	13	6



Sociedades laborais rexistradas, desagregadas por actividades económicas, provincias e totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2014.

Cód.	Actividade (CNAE 2009)	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SLL	Nº Socios	Nº SLL	Nº Socios	Nº SLL	Nº Socios	Nº SLL	Nº Socios	Nº SLL	Nº Socios
0	Non definido										
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca					1	3			1	3
B	Industrias extractivas										
C	Industria manufacturera	6	27	1	3	1	3	4	15	12	48
D	Fornecem. de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.										
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
F	Construción	3	12					1	3	4	15
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1	4	1	3	3	10	3	9	8	26
H	Transporte e almacenamento							1	3	1	3
I	Hostalería	3	9	1	3					4	12
J	Información e comunicacións					1	3			1	3

K	Actividades financieras e de seguros	1	3	1	3	1	1	3	
L	Actividades inmobiliarias	1	3	1	3	1	3	6	
M	Actividades profesionales, científicas e técnicas	4	15	2	7	6	22		
N	Actividades administrativas e servicios auxiliares								
O	Adm. Pública e Defensa e Seguridad Social obligatoria								
P	Educación								
Q	Actividades sanitarias e de servicios sociales								
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretenimiento								
S	Outros servicios	1	3	1	3	2	6		
T	Actividades dos fogares como empregadores de personal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servicios para uso propio								
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais								
TOTAL		18	70	5	15	6	13	43	147



Gráficos de evolución das sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa ou descualificadas, no período comprendido entre os anos 2010 e 2014.

- Sociedades laborais constituídas. Evolución 2010-2014

	2010	2011	2012	2013	2014
A Coruña	21	20	26	18	18
Lugo	4	2	7	2	5
Ourense	4	10	15	3	6
Pontevedra	18	16	13	22	13
TOTAL	47	48	61	45	42

- Sociedades laborais que causaron baixa. Evolución 2010-2014

	2010	2011	2012	2013	2014
A Coruña	18	26	20	18	23
Lugo	16	15	14	23	8
Ourense	8	11	14	14	13
Pontevedra	20	25	23	24	20
TOTAL	62	77	71	79	64



— A Coruña — Lugo — Ourense — Pontevedra





Os centros especiais de emprego, tal como os define a súa normativa reguladora, son elementos básicos integradores do discapacitado no mundo laboral, e cumpren unha importante función social, aportando oportunidades de emprego para os traballadores con discapacidade.

O obxecto desta actividade é a de coñecer a estrutura e a localización destes centros especiais de emprego no ámbito territorial de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos identificativos.

Definición

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo por finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Poderán ser autorizados como centros especiais de emprego aqueles centros de traballo que cumbran os seguintes requisitos:

- a) Acreditar a personalidade do titular do centro.
- b) Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, para o cumprimento dos seus fins.
- c) O seu cadro de persoal debe estar constituído por traballadores con discapacidade, en número non inferior ao previsto no artigo 2 do Decreto 200/2005, con contrato laboral formalizado por escrito conforme a normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.
- d) Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise, no seu cadro de persoal.

Deberán acreditarse así mesmo as seguintes circunstancias:

- a) A adecuación das persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal e dos postos de traballo, determinando as súas posibilidades de integración real e capacidade de traballo.
- b) O centro deberá contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades do titular ou de persoas vinculadas por calquera título a este.

Organización e normativa

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición, baixa ou descualificación e certificación da condición de centros especiais de emprego a efectos administrativos.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, con competencia sobre os centros especiais de emprego que teñan o seu domicilio social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa de aplicación

A Lei estatal 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, configurou os centros especiais de emprego como unidades produtivas que, participando regularmente no mercado, teñen como finalidade primordial a integración laboral das persoas con discapacidade, así como a prestación dos servizos de axuste persoal e social que estes traballadores requiran.

Posteriormente, en virtude das competencias que con carácter exclusivo ten asumidas a Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía en materia de asistencia social, aprobouse a Lei autonómica 4/1993, do 14 de abril, que veu ordenar e estruturar o sistema integrado de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, englobando os centros especiais de emprego como equipamentos propios dos servizos de atención especializada dirixidos a persoas con discapacidade.

Por outra banda, a citada norma estatal está desenvolvida por medio do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, que establece, entre outros aspectos, que a creación destes centros esixe a súa inscrición nun rexistro administrativo dependente da Administración xeral do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, segundo o ámbito competencial, e o artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, tamén prescribe que todas as entidades prestadoras de servizos sociais haberán de estar inscritas, con carácter previo ao inicio das súas actividades nun rexistro administrativo creado para o efecto.

Por medio do Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, transferíronse á nosa comunidade autónoma as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente asumidas en materia de centros especiais de emprego, atribuíndoselle o seu exercicio á consellería competente en materia de traballo polo Decreto 168/1984, do 15 de novembro.

Mediante o Decreto 200/2005, do 7 de xullo, régúlase a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo dos centros especiais de emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento.

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar correspondéndolle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, entre outras funcións, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, atribuíndolle á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social as funcións de cualificación e inscrición no rexistro administrativo de centros especiais de emprego e expedición de certificacións.

O organismo responsable da actividade estatística de centros especiais de emprego no seu conxunto é a Consellería de Traballo e Benestar. A preparación, recollida da información, tratamento e elaboración de resultados depende do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Datos estatísticos

No seguinte cadro reflíctese a relación dos centros especiais de emprego rexistrados no ano 2014, en Galicia, con indicación de: número de centros especiais de emprego, número de centros de traballo e tipo de traballadores (homes, mulleres, con discapacidade, sen discapacidade).

Centros especiais de emprego constituídos en Galicia. Ano 2014

Ámbito	Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Traballadores		Discapacitados		Non discapacitados	
			Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Galicia	6	6	19	11	19	9	0	2

